

PUBLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO EXTRAORDINARIO DO CONCELLO DE MELIDE DO 1 DE XULLO DE 2021 EN RELACIÓN Á REVISIÓN DAS CONDICIÓNS E REQUISITOS QUE ORIXINARON A OBTENCIÓN DUNHA BONIFICACIÓN NA COTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI) COMO CONSECUENCIA DOS ACORDOS PLENARIOS ADOPTADOS EN DATAS 12 DE XULLO DE 2018 E 6 DE FEBREIRO DE 2019.

En sesión extraordinaria celebrada polo pleno da corporación municipal do Concello de Melide de data 1 de xullo de 2021, adoptouse o seguinte acordo:

“Logo de ver que o pleno da Corporación, en sesión do 3 de agosto de 2017, aprobou inicialmente a modificación dos artigos 2 e 4 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables, e dado que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, elevouse automaticamente a definitivo o citado acordo ata entón provisional, publicándose o texto íntegro da dita aprobación definitiva da modificación dos artigos 2 e 4 da Ordenanza Fiscal número 1, no BOP da Coruña número 194 de data 11/10/2017, quedando redactados do seguinte xeito:

O artigo 2 quedaría redactado como segue a continuación:

“Artigo 2. Tipos de gravame

De conformidade co disposto no artigo 72 do TRLFL, os tipos de gravame serán os seguintes:

- Bens inmóbeis urbanos: 0,45*
- Bens inmóbeis rústicos: 0,45*
- Bens inmóbeis de características especiais: 1,3”*

E engádese un apartado terceiro ao artigo 4 relativo ás “Bonificacións”:

“3. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmoable existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmoable se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación á construción cuxa existencia motiva a súa solicitude, deberá estar dada de alta debidamente en Catastro e ter asinado un valor catastral económico.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude.

Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.*
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.*
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.*
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.*

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar no Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.”

Logo de ver que no pleno extraordinario do Concello de Melide de data 12 de xullo de 2018, adoptouse o acordo consistente en declarar, tendo en conta o informe de intervención, con efectos nos períodos impositivos 2018 e seguintes, de especial interese ou utilidade municipal as actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven nos inmoables abaixo referenciados por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración:

Nº REXISTRO SOLICITUDE	NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICA CIÓN (%)
4034/2017 (06/11/2017) 4583/2017 (21/12/2017)	***8290**	MANUEL REY VIDAL	15047A025008890000GT 15047A018004670000GG	Total	95
4170/2017 (16/11/2017) 4551/2017 (20/12/2017)	***1334**	JOSÉ VIDAL QUINTELA	15047A025003800000GL	Total	95

4198/2017 21/11/2018 4550/2017 20/12/2017 1645/2018 04/06/2018	***1583**	AMADOR SANCHEZ VAZQUEZ (Herdeiros de Roberto Sánchez Rodríguez)	15047A037003720000GJ	Total	95
4518/2017 19/12/2018 1644/2018 04/06/2018	***9779**	ESTHER GARCIA QUIÑOY (Herdeiros de Antonio Amboage Curros)	15047A037008660000GP 15047A044003670000GD	Total	95
4243/2017 19/12/2017 4548/2017 20/12/2017	***0395**	JUAN PUMAR RODRIGUEZ	15047A026006010000GA	Total	95
4227/2017 23/11/2017 4545/2017 20/12/2017	***0629**	ANDRES VIDAL QUINTELA	15047A025009730000GU	Total	95
4323/2017 30/11/2017 4549/2017 20/12/2017	***1933**	INES AMBOAGE GARCIA	15047A044004080000GH	Total	95
4581/2017 21/12/2017 1659/2018 05/06/2018	***8563**	BELÉN RAMOS BARREIRO	15047A009003150000GW 15047A009003210000GY	Total	95
4580/2017 21/12/2017 1760/2018 08/06/2018	***1918**	MARÍA CARMEN CEA RODRÍGUEZ	15047A048000580000GU	Total	95
3901/2017 24/10/2017 4654/2017 29/12/2017 1800/2018 11/06/2018	***0009**	MARÍA ASUNCION GARCIA SANCHEZ	615047A028002220001HM	Total	95
4441/2017 12/12/2017 4607/2017 26/12/2017	***1192**	LUIS VAZQUEZ REY	15047A016003130000GZ 15047A016007930000GS	Total	95
27/12/2017 4626/2017	***0766**	CONCEPCIÓN CASAL VILARIÑO que actúa en representación dos herdeiros de César Manuel Casal Vilariño (33100767H)	0206205NH8500N0001XZ 15047A046000250000GF	Total	95

3951/2017 26/10/2017 4636/2017 28/12/2017	***8332**	LUIS MIGUEL LOUREIRO CAGIDE	15047A039000180000GP	Total	95
14/12/2017 4476/2017	***3978**	PABLO COSTOYA VARELA	15047A101001830000QZ 15047A10100191000QB	Total	95

Logo de ver que no pleno ordinario do Concello de Melide de data 6 de febreiro de 2019, adoptouse o acordo consistente en declarar, con efectos nos períodos impositivos 2019 e seguintes, de especial interese ou utilidade municipal as actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven nos inmobles abaixo referenciados por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración:

Nº REXISTRO SOLICITUDE	NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICACIÓN (%)
360 (06/02/2018)	***9578**	JOSÉ SEGADE MENDOZA	15047A041000940000GE 15047A041001800000GM	Total	95
606 (28/02/2018) 297 (23/01/2019)	***4650**	IVÁN PENAS MATO	15047A040000960000GY	Total	95
3815 (09/11/2018)	***8345**	JESÚS PEÓN TARRÍO	15047A031007410000GZ	Total	95
4181 (21/12/2018) 4658 (29/12/2017)	***0937**	RAMÓN GÓMEZ VÁZQUEZ	15047A037009870000GA	Total	95

Logo de ver que por rexistro de entrada número 202190000002705, de data 30 de abril de 2021, o servizo de xestión tributaria da Deputación da Coruña achega escrito no que se pon de manifesto que:

“Como consecuencia do procedemento simplificado de valoración colectiva levado a cabo nese municipio, de efectos tributarios desde o exercicio 2017, detectouse que existen inmobles que viñan desfrutando da bonificación do 95% na cota do imposto de acordo co disposto no artigo 74.2 quáter do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 4, apartado terceiro, da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles dese concello, que sufriron alteracións na súa descrición catastral o que podería beneficio ou a modificación da porcentaxe a aplicar.

Polo tanto, este servizo comunícalle o seguinte:

- Logo de consultar os padróns do imposto sobre bens inmobles, compróbase que desde os exercicios 2018 – 2019 desfrutaron do citado beneficio fiscal os seguintes inmobles, nos que segundo os acordos plenarios ditados a tales efectos se realizan actividades declaradas de interese ou utilidade municipal:

Referencia catastral	Referencia catastral
0206205NH8500N0001XZ	15047A037008660000GP
15047A009003150000GW	15047A037009870000GA
15047A009003210000GY	15047A039000180000GP
15047A016003130000GZ	15047A040000960000GY
15047A016007930000GS	15047A041000940000GE
15047A018004670000GG	15047A041001800000GM
15047A025003800000GL	15047A044003670000GD
15047A025008890000GT	15047A044004080000GH
15047A025009730000GU	15047A046000250000GF
15047A026006010000GA	15047A048000580000GU
15047A028002220001HM	15047A101001830000QZ
15047A031007410000GZ	15047A101001910000QB
15047A037003720000GJ	

Non consta que os acordos plenarios polos que se declararon de interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas en ditos inmobles e que motivaron o recoñecemento destes beneficios fiscais foran rectificadas ou deixados sen efectos.

- Das referencias catastrais citadas anteriormente, entendemos que non reúnen as condicións que determina o artigo 4.3 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto e, en consecuencia, poderían perder o beneficio fiscal os inmobles que se indican a continuación.

Referencia catastral
15047A009003150000GW
15047A037003720000GJ
15047A028002220001HM

- Por outra parte, entendemos que seguiría sendo aplicable a bonificación ás seguintes referencias catastrais rústicas que manteñen a descrición catastral que motivou dito beneficio:

Referencia catastral	Referencia catastral
0206205NH8500N0001XZ	15047A039000180000GP
15047A016003130000GZ	15047A040000960000GY
15047A018004670000GG	15047A041000940000GE
15047A025003800000GL	15047A041001800000GM

15047A025008890000GT	15047A044003670000GD
15047A026006010000GA	15047A044004080000GH
15047A031007410000GZ	15047A046000250000GF
15047A101001910000QB	15047A048000580000GU
15047A037008660000GP	15047A101001830000QZ
15047A037009870000GA	

Así mesmo, as referencias catastrais que seguen, se ben cambian de clasificación catastral, non se altera a súa descrición catastral polo que entendemos que se mantería o beneficio fiscal.

Referencia catastral
15047A009003210000GY

Por outra parte, as referencias catastrais que se indican a continuación, que viñan desfrutando dunha bonificación do 95% na cota íntegra do imposto, modifican a súa descrición catastral incorporando construcións cun uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais polo que, de acordo co disposto na ordenanza reguladora do imposto, poden ver modificada a súa porcentaxe de bonificación.

Referencia catastral	Referencia catastral
15047A016007930000GS	15047A025009730000GU

Polo tanto, para os efectos de regularizar, no seu caso, as situación tributaria dos inmobles afectados, resulta necesario que se revisen os correspondentes acordos plenarios”.

Logo de ver a providencia da alcaldía número 319, de data 7 de xuño de 2021, na que se lle require ao arquitecto técnico municipal, que conta cos permisos necesarios en relación ao PIC (Punto de Información Catastral), para que achegue o pertinente certificado catastral dos seguintes bens inmobles que se relacionan a continuación coa correspondente referencia catastral:

Referencia catastral	Referencia catastral
0206205NH8500N0001XZ	15047A037008660000GP
15047A009003150000GW	15047A037009870000GA
15047A009003210000GY	15047A039000180000GP
15047A016003130000GZ	15047A040000960000GY
15047A016007930000GS	15047A041000940000GE
15047A018004670000GG	15047A041001800000GM
15047A025003800000GL	15047A044003670000GD
15047A025008890000GT	15047A044004080000GH

15047A025009730000GU	15047A046000250000GF
15047A026006010000GA	15047A048000580000GU
15047A028002220001HM	15047A101001830000QZ
15047A031007410000GZ	15047A101001910000QB
15047A037003720000GJ	

Logo de ver que en data 8 de xuño de 2021, o arquitecto técnico municipal achega ao expediente número 2021/G003/000349 a documentación requirida consistente nos certificados catastrais referidos aos inmobles que se relacionan na providencia da alcaldía número 319, de data 7 de xuño de 2021.

Logo de ver o informe favorable de intervención municipal de referencia 250M/2021, de data 14 de xuño de 2021, emitido sobre este particular.

“PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven nos inmobles abaixo referenciados por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración acordada no pleno extraordinario do Concello de Melide de data 12 de xullo de 2018, do que se deriva a perda do dereito ao beneficio fiscal do 95% dos citados inmobles por non reunir as condicións que determina o artigo 4.3 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles:

NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	MOTIVO DA DENEGACIÓN
***8563**	MARÍA BELÉN RAMOS BARREIRO	15047A009003150000GW	- Sen construción.
***0983**	ROBERTO SÁNCHEZ RODRÍGUEZ (HERDEIROS)	15047A037003720000GJ	- Sen construción.
***0009**	MARÍA ASUNCIÓN GARCÍA SÁNCHEZ	15047A028002220001HM	- Uso principal: Residencial (Destino: Vivenda e porche)

SEGUNDO.- Manter a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven nos inmobles abaixo referenciados por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración acordada no pleno extraordinario do Concello de Melide de data 12 de xullo de 2018 e no de data 6 de febreiro de 2019, dos que se deriva o dereito ao beneficio fiscal do 95% dos citados inmobles por manterse as condicións que determina o artigo 4.3 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles:

NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICACIÓN (%)
***0766**	CONCEPCIÓN CASAL VILARIÑO que actúa en representación dos herdeiros de César Manuel Casal Vilariño (33100767H)	0206205NH8500N0001XZ	Total	95%
***1192**	LUIS VAZQUEZ REY	15047A016003130000GZ	Total	95%
***8290**	MANUEL REY VIDAL	15047A018004670000GG	Total	95%
***1334**	JOSÉ VIDAL QUINTELA	15047A025003800000GL	Total	95%

***8290**	MANUEL REY VIDAL	15047A025008890000GT	Total	95%
***0395**	JUAN PUMAR RODRIGUEZ	15047A026006010000GA	Total	95%
***8345**	JESÚS PEÓN TARRÍO	15047A031007410000GZ	Total	95%
***3978**	PABLO COSTOYA VARELA	15047A101001910000QB	Total	95%
***9779**	ESTHER GARCIA QUIÑOY (Herdeiros de Antonio Amboage Curros)	15047A037008660000GP	Total	95%
***0937**	RAMÓN GÓMEZ VÁZQUEZ	15047A037009870000GA	Total	95%
***8332**	LUIS MIGUEL LOUREIRO CAGIDE	15047A039000180000GP	Total	95%
***4650**	IVÁN PENAS MATO	15047A040000960000GY	Total	95%
***9578**	JOSÉ SEGADE MENDOZA	15047A041000940000GE	Total	95%
***9578**	JOSÉ SEGADE MENDOZA	15047A041001800000GM	Total	95%
***9779**	ESTHER GARCIA QUIÑOY (Herdeiros de Antonio Amboage Curros)	15047A044003670000GD	Total	95%
***1933**	INES AMBOAGE GARCIA	15047A044004080000GH	Total	95%
0766**	CONCEPCIÓN CASAL VILARIÑO que actúa en representación dos herdeiros de César Manuel Casal Vilariño (0076**)	15047A046000250000GF	Total	95%
***1918**	MARÍA CARMEN CEA RODRÍGUEZ	15047A048000580000GU	Total	95%
***0937**	PABLO COSTOYA VARELA	15047A101001830000QZ	Total	95%

TERCEIRO.- Manter a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven no inmovible abaixo referenciado por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración acordada no pleno extraordinario do Concello de Melide de data 12 de xullo, do que se deriva o dereito ao beneficio fiscal do 95% do citado inmovible por manterse as condicións que determina o artigo 4.3 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles ao producirse un cambio de clasificación catastral (de rústico a urbano) sen que se altere a súa descrición catastral co destino agrario da construción:

NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICACIÓN (%)
***8563**	BELÉN RAMOS BARREIRO	15047A009003210000GY	Total	95%

CUARTO.- Manter a declaración de especial interese ou utilidade municipal das actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario que se desenvolven nos inmóbles abaixo referenciados por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifican tal declaración acordada no pleno extraordinario do Concello de Melide de data 12 de xullo, cambiando o dereito ao beneficio fiscal do 95% ao 50% dos citados inmóbles por modificarse as

condicións que determina o artigo 4.3 da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles dado que se produciu un cambio na súa descrición catastral incorporando construcións cun uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais (residencial), véndose, polo tanto, modificada a súa porcentaxe de bonificación:

NIF/CIF	SUXEITO/S PASIVO/S	REFERENCIA CATASTRAL	GRAO DE AFECCIÓN	BONIFICACIÓN (%)
***1192 **	LUIS VAZQUEZ REY	15047A016007930000GS	Total	50%
***0629 **	ANDRES VIDAL QUINTELA	15047A025009730000GU	Total	50%

QUINTO.- *Dar traslado do presente acordo ao departamento de intervención municipal do Concello de Melide aos efectos oportunos.*

SEXTO.- *Dar traslado do presente acordo ao servizo de xestión tributaria da Deputación da Coruña aos efectos oportunos*

SÉTIMO.- *Publicar o contido deste acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Melide”.*

Publicándose o dito acordo aos efectos oportunos, sendo que é definitivo na vía administrativa e que contra el poderase formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte á presente publicación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderase interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo, en cuxo caso non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, dende que lle sexa notificada a resolución expresa ou dende que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes sen que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtese que se poderá utilizar calquera outro recurso se así se cre conveniente.

Melide, 2 xullo de 2021

O alcalde en funcións,

José Antonio Prado García

Documento asinado electronicamente.